



Ariel Doron (Israel)

Ariel é titiriteiro, director e intérprete. Nas súas propostas, sen apenas texto, usa o humor para investigar sobre conflitos sociais ou políticos. Nas súas obras mestura títeres con diferentes técnicas adaptadas a cada proxecto. Sempre coa premisa de facernos sentir, reflexionar e reaccionar.



"Plastic Heroes" (Actor e varias técnicas)

Obra realizada mediante o uso de obxectos que normalmente non se consideran artísticos. Principalmente xoguetes, aínda que tamén fai uso de ipads, iphones ou vídeo.

A guerra está por comezar, agora é o momento de convertérense en heroes, pero os soldados son de plástico e o campo de batalla unha mesa. Desexo, violencia, sexo, odio e medo mestúranse nesta proposta irresistible e feroz chea de humor negro e irónico.

Xoves 12 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)



La Salamandre (Francia)

La Salamandre é unha compañía de marionetas creada en 2004 por Samuel Lepetit, con sede en La Chapelle sur Erdre, en Loire-Atlantique.

A súa creación artística é moi variada e vai dende exposicións e esculturas, até postas en escena ou espectáculos.

Dende 2008 tamén organiza o Festival de títeres e obxectos de Saperlipopette.



"Un océan D' amour" (Actores e obxectos)

Unha aventura burlesca onde se trata o amor e a rutina, o paso do tempo, a soidade, a contaminación, a sociedade de consumo, a tormenta e as ondas, incluso pensamentos insignificantes que se transforman en grandes ideas. É unha odisea épica, feita con títeres, dunha adaptación do libro de Wilfrid Lupano e Grégory Panaccione.

Venres 13 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)



Títeres Alakrán (Galicia)

Títeres Alakrán nace da man do titiriteiro, actor e escultor Borja Insua. Desenvolven espectáculos propios que abranguen distintas técnicas (luva, varilla, sombras chinesas, fíos) e xéneros, tanto para crianzas coma para adultos.

"Desconexión" (Actriz/ actor e varias técnicas) Carmela debe realizar un traballo sobre as mouras e a tradición castrexa para a escola. A súa familia resolve todas as súas actividades coa tecnoloxía: as relacións, a alimentación, o estudo... Porque o seu lema é "unha vida tecnolóxica é unha vida ordenada".

Sábado 14 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)



Compañía Víctor Biau (Aragón)

Víctor Biau xa tiña un longo percorrido no mundo actoral cando decide vincular a súa vida profesional á investigación e creación de espectáculos onde os títeres, os obxectos e o actor teñan a mesma relevancia.

"El hombre que plantaba árboles" (Actor e V.T.) Esta é a vida de Elzeard Bouffier. Un humilde pastor que plantou árbores durante anos e non llo contou a ninguén, só ao noso narrador, que ao longo do espectáculo descubrirá unha das fábulas máis fermosas e esperanzadoras. Baseado na historia de Jean Giono.

Domingo 15 ás 19.00h. Auditorio da Xunqueira (+6 anos)

"Telón de Cielo" (Bonecos de luva) Obra baseada en pantomimas e historias sen palabras do autor e titiriteiro arxentino Guaira Castilla. O titiriteiro Víctor Biau pon en escena esta obra poética, que recupera a maxia dos bonecos de trapo. Historias de flores, de nenas, de malos, de bos, de dormentes e de soñadores.

Luns 16 ás 18.30h. Salgueiral

Martes 17 ás 12.00 e 18.30h. Salgueiral





Teatro Matita (Eslovenia)

Matija Solce é músico, titiriteiro e actor . Nas súas obras conecta directamente a música e o teatro e polo tanto os seus concertos a miúdo convértense en representacións teatrais interactivas e os seus espectáculos de títeres son case concertos escénicos.

"Happy Bones" (Actor e varias técnicas)

Nesta proposta xógase cun montóns de ósos, todos recollidos de diferentes partes do mundo. Os simples ósos, sen usar unha soa palabra, contan as súas historias sobre a soidade. Partitura dadaísta, comedia negra que a cada momento cambia a perspectiva do espectador.

2004-Premio Loutkářská Chrudim. República Checa

2005-Premio Mellor Espectáculo no Festival Zlomvaz

2005-Premio Reunión de titiriteros eslovenos

2006-Premio PIF-Zagreb. Croacia

2007-Premio 'Blessed gift'. Festival Treff. Estonia

2008-Premio Interpretación. Festival Subotica. Serbia

Luns 16 ás 20.00h. Auditorio da Xunqueira (+14 anos)



Tanxarina Títeres (Galicia)

Unha compañía de teatro de títeres galega con máis de 35 anos de traxectoria artística. Combinando a manipulación de monecos con traballo actoral, música e animacións diversas, contan historias con "retranca" para facer rir e facer pensar, dirixidas a un público familiar. Sempre xogando, sempre divertindo!!

"A cazola de Lola" (Actores e siluetas)

Lola sempre arrastra un cazo atrás dela. O cazo caeulle un día enriba... Non se sabe moi ben por que. Por causa deste cazo, Lola xa non é de todo coma os demais. Precisa de moito agarimo, é moi sensible e ten un grande sentido artístico. A miúdo as persoas só ven nela ese cazo que arrastra por todas partes. E atópano raro... Afortunadamente existen persoas maravilosas, só fai falta dar cunha delas.



Martes 17 ás 19.00h. Auditorio da Xunqueira (+4 anos)



Di Filippo Marionettes (Italia)

A compañía Di Filippo Marionette foi fundada por Remo Di Filippo no 2010, consolidándose coa incorporación de Rhoda CR López dende Australia. As marionetas coas que traballan son creadas por eles mesmos no seu pequeno obradoiro, onde investigan sobre o movemento durante a construción.

"Colgando de un hilo" (Marionetas de fío)

Espectáculo cheo desa poética que dan as marionetas de fío e o seu movemento. Sen palabras, involucra ao público, pois os títeres están cheos de curiosidade, sendo capaces de sentir e transmitir emocións.

As marionetas respiran, móvense e interactúan cos titiriteiros nunha explosión de vida.

Premio Kleinkunst Festival 2017, Usedom, Alemaña
Premio Festival Briciole di Fiabe 2018, Arezzo, Italia
Premio Festival In Fonte Veritas 2018, Florencia, Italia
Premio Festival dell' Invisibile 2018, Mantova, Italia
Premio Белгородская забава 2018, Belgorod, Rusia

Sábado 14 ás 17.30 e 20.00h. Salgueiral

Domingo 15 ás 12.30, 18.00 e 19.30h. Campo da Petanca



Teatro Mutis (Castela e León)

Compañía con máis de 25 anos de traxectoria. Traballa os seus propios textos, aventuras que recrea cunha escenografía coidada e unha interacción única de actores e monicreques. Asómase dun xeito orixinal, divertido e atractivo á grande aventura común: a vida.

"El sótano encantado" (Corpóreos, actrices)

Rosaura descubriu que o soto da súa casa era o calabozo dun vello castelo e quizais esconde un tesouro. Pídelle ao seu amigo Leo que a acompañe a investigar e, xuntos, viven unha grande aventura, porque no soto pasan cousas moi estrañas... Parece que está encantado!

Sábado 14 ás 19.00h. Pista da Xunqueira

Domingo 15 ás 13.00 e 18.30h. Pista da Xunqueira





Teatro Firulete (Madrid)

Despois de ter acumulado unha valiosa experiencia teatral baixo a mirada da famosa compañía Títeres Clavileño, e tras pasar uns anos percorrendo Argentina e España co Teatro Bagabiga, Nerea Oreja e Marcos Vilela decidiron que era o momento de facer un cambio e comezan a traballar co obxectivo de mesturar o teatro de títeres co xénero musical.

"Marcelo, el marciano" (Títeres de luva)

Marcelo aterra no noso planeta coa importante misión de atopar as marabillas do noso mundo e levalas ao seu. Pero a pesar de estar en posesión da tecnoloxía máis avanzada, non estará preparado para unha triste realidade: algunhas persoas do lugar ao que acaba de chegar non son boas. Por sorte, tamén se cruzará no seu camiño cunha vella sabia e tola que lle vai axudar a resolver os enredos nos que se mete.

Sábado 14 ás 18.00 e 19.30h. Campo da Petanca
Domingo 15 ás 17.30 e 19.00h. Salgueiral



Mircromina Títeres (Galicia)

Compañía creada por Ton Arenas, enfocada á infancia e ás familias, apelando ao humor, á intelixencia e á conciencia.

Produce os espectáculos integramente no seu obradoiro, aberto a visitantes e colaboradores, primando o coidado e a artesanía sobre o número de estreas.

"Vacacións no mar" (Bonecos de luva)

A Marina encantaríalle viaxar polo mundo adiante. Un día Moncho chega ao porto no seu veleiro "Ovos con patacas", pero nun descoído o pirata Olló Virollo toma prestada a nave e faise ao mar. Tras unha acción trepidante chea de aventuras, cumprirá Marina o seu soño de dar a volta ao planeta? Un espectáculo no que se conxuga o tradicional estilo da cachiporra cunha visión renovada.

Sábado 14 ás 18.30h. Palco da Música





MG Producciones (Cantabria)

A empresa cántabra MG Producciones crea o Colectivo Birloque, formado por músicos, actores e manipuladores de títeres xigantes, que mesturan a música ao vivo coa posta en escena e animacións teatrais.

"Monstruos de la Universal" (Itinerante)

Este espectáculo toma o seu nome dos estudos cinematográficos da Universal Pictures que popularizaron películas clásicas de monstruos como O Home Lobo ou Frankenstein.

Un pasarrúas musical e terrorífico, animado por monstruos xigantes, para divertir a toda a familia.

Sábado 14 ás 18.00h. Soportais-Ribeira
ás 19.30h. Palco da Música-Ribeira
ás 20.30h. Casa da Torre-Alfonso XII

Domingo 15 ás 13.00h. Soportais-Ribeira
ás 18.00h. Alfonso XII-Ribeira
ás 19.30h. Soportais-Ribeira



"Granujas a todo ritmo" (Itinerante)

Espectáculo composto por uns músicos moi pillabáns que fan troulear ao público ao ritmo do Rhythm'n'Blues, acompañados de dous títeres xigantes chamados Jack e Elwood.

Martes 17 ás 13.00h. Alfonso XII-Ribeira
ás 18.30h. Palco da Música-Ribeira
ás 20.00h. Alfonso XII-Ribeira

Maia Títeres (Arxentina)


Diego Suárez é un actor e titiritero formado na Escola Municipal de Actores Titiriteros e con Diplomatura en Teatro de Monicreques e Obxectos, UNSAM. Participou nunha chea de festivais nacionais e internacionais.

"El loro Pereyra" (Títeres de luva)

O papagaio Pereira é atrapado por un cazador coleccionista de aves exóticas e separado da súa noiva Ramona e da súa terra. Por sorte, Pereira contará coa axuda de Ramiro para regresar ao seu pobo e casar con Ramona.

Sábado 14 ás 13.00 e 18.00h. Praza do Concello
Domingo 15 ás 12.00, 17.00 e 20.00h. Praza do Concello





EducaTeatro (Galicia)

Empresa dedicada á produción e distribución de espectáculos infantís creada a finais de 2013. A música, a lingua e a diversión son os piares fundamentais dos seus traballos, contribuíndo a unha aprendizaxe significativa.

"Festa xurásica" (Itinerante)

Esta proposta nace co propósito de achegar o mundo dos dinosauros ás crianzas. E coma se fose unha película... o dinosauro andarás polas rúas de Redondela pero nesta ocasión vai de festa. Sempre acompañado dos seus músicos, a ledicia está asegurada con este imponente espécime.

Sábado 14 ás 17.30h. Soportais-Ribeira
ás 18.30h. Casto Sampedro-Alfonso XII
ás 20.00h. Alameda-Alfonso XII
Domingo 15 ás 17.30h. Casto Sampedro-Ribeira
ás 18.30h. Alfonso XII-Ribeira



Birloque Títeres (A Rioxa)

Carlos Pérez-Arados é un titiriteiro con máis de 25 anos de experiencia. Nestes anos ten representado as súas funcións na maioría das localidades da Rioxa, Navarra, Aragón... Fundador, guionista e creador dos monicreques da compañía Birlibirloque. Son pequenos e maiores os que aínda hoxe lembran os seus personaxes como Tragaldabas, o tío Tiburcio... e as súas aventuras no país de Trapintrolandia.

"Gigantes" (Itinerante)

Son estes dous xigantes que veñen dun mundo descoñecido pero con ganas de vivir. Troulearán polas rúas ao son da música, nunha busca de aventuras e, sobre todo, de desfrute. Quedarán instalados en Redondela?

Martes 17 ás 12.00h. Soportais-Ribeira
ás 18.00h. Alfonso XII-Ribeira
ás 19.30h. Casa da Torre-Soportais
ás 20.00h. Alfonso XII-Ribeira





Viravolta Títeres (Galicia)

Viravolta títeres fundouse nos anos oitenta, o momento do rexurdimento ou revitalización do teatro de marionetas en Galicia. As súas producións escénicas artículanse sobre a marioneta e o obxecto nas súas diferentes técnicas e modos.

Desenvolven diversos proxectos que teñen como obxectivo recuperar e poñer en valor a marioneta popular galega.

"Todos ao balcón!" (Bonecos de luva)

Proposta que trata de recoller a tradición do teatro de títeres popular europeo. Nun retablo como os que se contemplaban nas festas e feiras que achegaban a través da cachiporra a crítica ao poder tanto eclesiástico como civil. Viaxamos pola cultura europea emparentando ao Punch inglés, ao Guignol francés, ao Kasperek checo co Don Cristóbal español, o Pericu catalán, o Dom Roberto portugués... e o Barriga Verde galego.

Luns 16 ás 19.00h. Campo da Petanca



Boca de Cão (Portugal)

A Boca de Cão Teatro de Rúa e Formas Animadas xurdiu por amor ás artes plásticas e ao teatro de rúa. Co afán de seguir presentando creacións específicas para a rúa e de desenvolver un universo propio de fusión de estética tradicional e contemporánea, Hugo Ribeiro e Muni Joana Domingos fundan a compañía en 2015.

"Agostinho e Felicidade" (Itinerante)

Son unha parella de anciáns especiais. Saen da súa querida aldea despois de coller flores e plantas medicinais. Fan troco e van ambulantes de aldea en aldea intercambiando o que collen polo que precisan e, ao longo do camiño, interactúan co público de xeitos inesperados, transmitindo tenrura, sabedoría e esperanza.

Martes 17 ás 17.30h. Sopotrais-Alfonso XII
ás 19.30h. Casto Sampedro-Alfonso XII





Cascanueces Títeres (Galicia)

Títeres Cascanueces créase no ano 1995 da man do titiriteiro Lázaro Duyos Jordán. En todos estes anos presentou os seus espectáculos en lugares como Portugal, Italia, Ecuador, Perú, México, Venezuela, Arxentina ou Alemaña.

"O diaño na maleta" (Bonecos de luva)

A piques de comezar a función, ao Diaño dálle unha rabecha, quere ser o protagonista da obra. Será quen de saírse coa súa? ...

Martes 17 ás 12.30, 17.00 e 19.00h. Praza do Concello



Trécola Producións (Galicia)

Este 17 de maio celebran o 40 aniversario da súa primeira función e continúan coa súa esencia baseada nun labor de creación constante, experimentación e produción de taller.

"Saga de Flin Havardr" (Marionetas de fío)

Descúbrenos a verdadeira historia da chegada duns viquingos á costa galega. Unha obra de autoría propia coa banda sonora en directo de Pablo Pintore e dirixida por Isabel Rey e "Kukas".

Martes 17 ás 13.00 e 18.00h. Pista da Xunqueira



Paporrubio (Galicia)

A personalidade argalleira de Luchi Iglesias, xunto co seu traballo de actor, titiriteiro e escenógrafo deron como resultado a compañía Paporrubio.

"Varietés do animalario" (Bonecos de luva)

A raposa e o lobo vense envoltos nun conflito pola propiedade dunha pereira á que lle van desaparecendo as peras misteriosamente. No texto vense cuestionados os roles habituais que teñen a raposa e o lobo na cultura galega de tradición oral.

Martes 17 ás 17.30 e 19.00h. Palco da Música





Catropés (Galicia)

Compañía formada por Vanessa Rivas e Ánxela Blanco, tras un longo camiño compartido no eido escénico, nas viaxes e nos contos.

"Animacreques" (Itinerante)

A partir da técnica circense dos zancos e o virtuosismo da danza, xorde esta proposta de animación e intervención na rúa. Un xogo visual que permitirá ao público gozar desta peculiar relación entre monicreque e titiriteira.

Domingo 15 ás 18.00h. Casto Sampedro-AlfonsoXII
ás 19.00h. Soportais-Alfonso XII
ás 20.00h. Casto Sampedro-Alfonso XII

Paco Nogueiras (Galicia)

Paco Nogueiras é un músico convertido a actor e un actor convertido en músico. Percorre o país con espectáculos nos que combina cancións e interpretacións cos rexistros máis divertidos.

"Extra!" (Música)

Xornal musical que Paco Nogueiras ideou para compartir con todas e todos vós. Un xornal que convida a conectar co mundo e transformar a realidade en canción. Quen dixó que non se poden cantar as noticias? E bailalas?...

Domingo 15 ás 18.30 e 20.00h. Palco da Música



Latexo Percusión (Galicia)

Asociación formada por percusionistas de diferentes lugares de Galicia, o seu ollar está posto nas manifestacións culturais percusivas de diferentes rexións do planeta, como África, Cuba ou Brasil. Unha clara aposta por fusionar o movemento e a percusión afrobrasileira con elementos visuais como a luz interior dos seus tambores, ofrecendo así unha proposta de percusión de rúa diferente e de calidade.

Sábado 14 ás 19.00 e 21.00h. Alfonso XII-Ribeira





Uxía Lambona e a Banda Molona

Banda musical infantil formada por Pali ao baixo, Ñoc á batería, Abraham á gaita e fruta, Serghaño á guitarra, Roscón ao acordeón e Uxía cantando e animando! Ten o obxectivo de facer cantar e bailar "coma toliñ@s" a todos os nenos e nenas, achegándolles a música tradicional galega dun xeito atractivo para eles, e tamén a través de temas propios, sempre en galego.

Luns 16 ás 18.00h. Pista da Xunqueira



Cé orquestra pantasma (Galicia)

Xa temos aquí un ano máis o home orquestra máis tradicional e festeiro!

No seu novo espectáculo "A Voar", cóntanos e cántanos a viaxe da pequena Xoana, que movida pola curiosidade e o desexo de voar, emprenderá unha longa viaxe, amosando que só a través da cooperación e do coñecemento dos valores universais seremos quen de mellorar a nosa vida.

Este espectáculo divertido e dinámico dálle ao público a posibilidade de recuperar o protagonismo activo sobre a súa diversión.

Luns 16 ás 19.30h. Palco da Música



Pakolas (Galicia)

Paco Cerdeira é músico, compositor e produtor e leva dedicándose ao público infantil dende xa hai máis de 15 anos.

En "Ramona Órbita, a dona do tempo" Pakolas preséntanos o seu último librodisco, editado en Sonábore, na Editorial Galaxia (Agosto-2020). Neste espectáculo contaremos e cantaremos a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel, que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas e ademais ten unha máquina do tempo.

Luns 16 ás 20.00h. Praza do concello



Breocáns (Galicia)

Breocáns nace cando dous amigos se reencontran despois de anos de viaxe. Dese reencontro nace un grupo de recuperación de músicas tradicionais que mestura música galega con música balcánica e de tradición mediterránea. Actualmente Breocáns consta de 3 integrantes, Dani, Lucas e Toti, que presentan unha proposta na que humor e danza están moi presentes, así como composicións propias de carácter máis intimista que nos farán viaxar a cada minuto do espectáculo. Unha proposta local que fai grandes as nosas rúas.

Luns 16 ás 21.00h. Paseo da Xunqueira



The Turre's Band (Galicia)

The Turre's Band é un grupo galego nado na primavera de 2001 en Torroso (Mos). Músicos de profesión e festeiros de vocación, a formación está composta por ventos e percusións. Esta banda propón un innovador repertorio musical cheo de ritmos como o ska, swing, blues, música balcánica e mesmo música galega, ademais dun sentido do humor que fai que a súa proposta sexa ben diferente. Unha banda imprescindible para este Festival coa que tantas veces temos bailado.

Martes 17 ás 20.30h. Balcón do Concello



Fanfarria Furruxa (Galicia)

A Fanfarria Furruxa é un grupo de música festeiro de repertorio divertido e bailón. A gaita como símbolo do seu facer fai deles unha banda única, que mestura temas clásicos co tradicional galego. A Fanfarria Furruxa fai música en galego de todos os estilos pero con gaitas, adaptando temas á nosa cultura popular.

Martes 17 ás 13.30h. Soportais do Concello





Os Alecríns (Galicia)

Os Alecríns é unha formación musical de doce membros fundada en Ponteareas por un grupo de amigos afín á Banda de Música e co común obxectivo de transmitir coa música emocións e moita festa.

Contan cun son contundente e un repertorio sorprendente. Os Alecríns fan da rúa unha festa coa que todo o público saltará e brincará.

Domingo 15 ás 12.00h. Alfonso XII-Ribeira
ás 13.30h. Soportais do Concello



Charanga Bicoia (Galicia)

Charanga Bicoia foi fundada no ano 2019 e está composta maioritariamente por mulleres. Ademais de tocar grandes éxitos de charanga de toda a vida (Agárrate Saxo, Campanera, Bakalao Salao, etc...), introducen no seu repertorio temas musicais de diferentes culturas do mundo, como pezas bolivianas ou, por suposto, galegas.

Domingo 15 ás 20.30h. Balcón do Concello



Exposición "40 anos de Tanxarina Títeres"

Redondela rende homenaxe á histórica compañía da nosa vila Tanxarina Títeres e quere mostrar parte dos 40 anos da súa traxectoria nos escaparates do comercio local. Poderedes facer un percorrido da exposición polos nosos diferentes colaboradores.

Escaparates participantes:

Copy Redondela, Coser e Cantar, Café da Vila, Pastelería Filo, Fotografía & Audiovisual Cal-3, Barbería Juan Crespo, Librería La Imprenta, Tien-21 e DiscoTasca.

Instalación especial no antigo Kiosko Mariona.

Do 29 de abril ao 18 de maio.





Alauda Teatro (Castela e León)

A compañía está formada por Rafael Benito e Isabel Sobrino. En 1997 comezan a utilizar títeres cos que participan en 160 festivais nacionais e internacionais. Dende 2012 dirixen o Festival de Títeres das Merindades e en 2017 inauguraron o Teatro La Realidad nas súas instalacións.

"Ingenii Machina" A arte de construír máquinas. Proposta artística na procura de achegar e difundir, dun xeito ameno e divertido, os "segredos" da Mecánica Clásica: a física que estuda as forzas que provocan movemento e equilibrio dos corpos e as técnicas de inventar, construír e manexar máquinas. Xoga e descobre os segredos máis espectaculares da mecánica. Autómatas, maquinaria, engrenaxes e poleas, monicreques xigantes, xogos de habilidade...

Lugar: Casa da Torre.

Sábado 14 de 17.00 a 20.00h.

Domingo 15 de 12.00 a 14.00h. e de 17.00 a 20.00h.

Luns 16 de 17.00 a 20.00h.

Martes 17 de 12.00 a 14.00h. e de 17.00 a 20.00h.

Mercadiño Titiriteiro

O Festival propón un novo espazo na Alameda de Redondela onde expoñer e vender todo aquilo relacionado co mundo dos monicreques no chamado Mercadiño Titiriteiro.

Celebrarase os días 14,15,16 e 17 de maio

Títeres pola gorra

É a sección do festival que abre as portas a diversas compañías que non queren perder a oportunidade de vir a Redondela para mostrar o seu traballo.

As compañías que queiran participar deben pasar o mesmo día polo Multiúsos da Xunqueira para concretar espazo e recoller o cartaz de Títeres pola Gorra.